

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA -IEBTS-.

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

IMPULSAR A CREACIÓN DE NOVAS INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE BASE TECNOLÓXICA EN GALICIA A TRAVÉS DO FINANCIAMENTO PARCIAL DOS CUSTOS INICIAIS NECESARIOS PARA A POSTA EN MARCHA DESTES PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES DE CONTIDO CIENTÍFICO E/OU TECNOLÓXICO

3. TIPOS DE APOIO

- AXUDA Á CREACIÓN DIRECTA DE EMPREGO ESTABLE
- SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO DE ALTA CUALIFICACIÓN
- APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL
- SUBVENCIÓN FINANCIERA
- AXUDA PARA O INICIO E POSTA EN MARCHA DA ACTIVIDADE.

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

EMPRESAS PRIVADAS, INCLUÍNDO AUTÓNOMOS/AS, QUE SE CONSTITÚAN E INICIEN A SÚA ACTIVIDADE NUN PRAZO NON SUPERIOR A UN ANO DESDE QUE O PROXECTO FOI CUALIFICADO COMO IEBT, SEMPRE QUE SE CUMPRAN OS REQUISITOS PREVISTOS NESTA ORDE PARA CADA TIPO DE AXUDA.

EXCLUSIÓNS: NON PODERÁN ACOLLERSE aos beneficios das axudas desta orde, os empregos estables con persoas desempregadas que nos **24 meses** anteriores á data de alta na seguridade social, prestasen servizos mediante contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas nas que, participasen persoas ou entidades que sexan promotoras da empresa solicitante. tampouco os promotores que nos **tres meses** anteriores a data de inicio de actividade, estivesen dados de alta como traballadores autónomos en calquera réxime da seguridade social.

Igualmente, exclúense as persoas que incurran nalgunha das prohibicións recollidas no artigo 10.2 da lei 9/2007 xeral de subvencións. e as excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2º do texto refundido da lei de infraccións e sancións na orde social, rdlex. 5/2000, do 4 de agosto

5. SECTORES INCENTIVABLES

TÓDOLOS SECTORES EMPRESARIAIS SEMPRE QUE AS EMPRESAS CUMPRAN OS REQUISITOS DESTA ORDE E DO DECRETO 56/2007, DO 15 DE MARZO.

POR TRATARSE DE AXUDAS SOMETIDAS AO RÉXIME DE AXUDAS DE MINIMIS, NON PODERAN CONCEDERSE ESTAS AXUDAS A EMPRESAS DOS SEGUINTE SECTORES.

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

O CADRO DE PERSOAL NO MES EN QUE SE PROCEDA Á PRIMEIRA CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DEBERA ESTAR COMPOSTO COMO MÍNIMO NUN 25%, POR PERSOAS CON TITULACIÓN UNIVERSITARIA E DEBERÁ EXISTIR CORRESPONDENCIA ENTRE A CATEGORÍA DA TITULACIÓN ACADÉMICA DE TIPO PROFESIONAL QUE POSÚA A PERSOA CONTRATADA E A CATEGORÍA PROFESIONAL POLA QUE SE CONTRATA.

AS ENTIDADES BENEFICIARIAS DEBERÁN CREAR, NO PRIMEIRO ANO DE ACTIVIDADE, EMPREGO ESTABLE PARA PERSOAS DESEMPREGADAS, RESPECTANDO A PROPORCIÓN DUNHA PERSOA CON TITULACIÓN UNIVERSITARIA POR CADA 4 POSTOS DE TRABALLO DA IEBT

As contratacións indefinidas, para poderen ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito no modelo oficial que facilite o Servizo Público de Emprego, e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

OS PROXECTOS TEÑEN QUE SER CUALIFICADOS PREVIAMENTE COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA, SEGUNDO O DISPOSTO NO DECRETO 56/2007 DO 15 DE MARZO POLO QUE SE ESTABLECE UN PROGRAMA DE APOIO ÁS IEBT.

8. INVERSIÓN E/OU GASTOS COMPUTABLES

1. AXUDAS Á CREACIÓN DIRECTA DE EMPREGO ESTABLE: SUBVENCIONÁSE A CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE CARÁCTER INDEFINIDO, INCLUIDOS OS DOS PROPIOS PROMOTORES/AS, CREADOS ANTES DE TRANSCORRER UN ANO DESDE A DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE, E QUE SEXAN OCUPADOS POR DESEMPREGADOS

NON SE PODERÁ CONCEDER ESTA AXUDA CANDO SE TRATE DE TRABALLADORES QUE PRESTAREN SERVIZOS NA MESMA EMPRESA EN VIRTUDE DUN CONTRATO TEMPORAL.

PODERÁN SER OBXECTO DESTA MODALIDADE DE AXUDA OS POSTOS DE TRABALLO CREADOS ENTRE O 16 DE SETEMBRO DE 2009 E O 30 DE XUÑO DE 2010.

2. SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL EXPERTO TÉCNICO DE ALTA CUALIFICACIÓN: SUBVENCIONÁSE A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL TÉCNICO DE ALTA CUALIFICACIÓN REALIZADAS ANTES DE QUE TRANSCORRA UN ANO DESDE A DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE. Para acceder a esta axuda o experto técnico de alta cualificación contratado deberá estar en posesión dun título universitario

NON SE PODERÁ CONTRATAR OU INCORPORAR AOS TITULARES OU SOCIOS DA EMPRESA CUALIFICADA, E TAMPOUCO AO CÓNXUXE, ASCENDENTES, DESCENDENTES OU PARENTES, POR CONSANGUINIDADE OU AFINIDADE, ATA O SEGUNDO GRAO DO EMPRESARIO OU DE QUEEN DESEMPEÑE CARGOS DE DIRECCIÓN OU SEXAN MEMBROS DOS ÓRGANOS DE ADMINSITRACIÓN DAS EMPRESAS QUE REVISTAN A FORMA XURÍDICA DE SOCIEDADE, ASÍ COMO AS QUE SE PRODUCAN CON ESTAS PERSOAS CITADAS. **NON SERÁ DE APLICACIÓN ESTA EXCLUSIÓN** CANDO O EMPREGADOR/A SEXA UN TRABALLADOR/A AUTÓNOMO/A QUE CONTRATE COMO TRABALLADOR/A POR CONTA ALLEA AOS FILLOS/AS MENORES DE TRINTA ANOS, TANTO SE CONVIVEN OU NON CON EL/ELA, OU CANDO SE TRATE DUN TRABALLADOR AUTÓNOMO/A SEN ASALARIADOS, E CONTRATE UN SÓ FAMILIAR MENOR DE CORENTA E CINCO ANOS, QUE NON CONVIVA NO SEU FOGAR NIN ESTEA AO SEU CARGO

SERÁN SUBVENCIONABLES AS CONTRATACIÓNS REALIZADAS ENTRE O 16 DE SETEMBRO DE 2009 E O 30 DE XUÑO DE 2010.

3. APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL: PARA O ACOMPAÑAMENTO NA INSTALACIÓN DA EMPRESA PODERASE FINANCIAR O APOIO ÁS FUNCIÓNS XERENCIAIS PARA AXUDAR A PERSOA PROMOTORA OU EMPRESARIO/A NA TOMA DE DECISIÓNS NECESARIAS PARA O FUNCIONAMENTO DA EMPRESA: axudas por titorías, axudas por formación, axudas para realización externa de estudos e informes. O GASTO ORIXINADO DEBERÁ PRODUCIRSE E SER EFECTIVAMENTE XUSTIFICADO NO PRIMEIRO ANO DE ACTIVIDADE, MEDIANTE FACTURAS E DOCUMENTOS BANCARIOS ACREDITATIVOS DO PAGAMENTO, CON ANTERIORIDADE Á FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE XUSTIFICACIÓN ESTABLECIDO NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN OU, DE SER O CASO, ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2010.

4. SUBVENCIÓN FINANCIERA: PROMOVER A CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE A REDUCIÓN DOS TIPOS DE XURO DOS PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR OS INVESTIMENTOS NECESARIOS. (COMO MÍNIMO O 75% DO PRÉSTAMO DESTINARASE A FINANCIAR INMOBILIZADO MATERIAL OU INTANXIBLE) NECESARIOS PARA A POSTA EN MARCHA DA EMPRESA CUALIFICADA COMO IEPT.

Os préstamos, para seren subvencionable, deberán ser concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Traballo e Benestar, e **deberán formalizarse no período comprendido entre o inicio da actividade e o 30 de setembro de 2010**, ou de ser o caso, no prazo específico establecido na resolución da concesión

NON SE ADMITIRÁ A ADQUISICIÓN DE BENS USADOS CON CARGO AOS PRÉSTAMOS OBXECTO DA AXUDA AGÁS NO SUPOSTO DE TRASPASO DE NEGOCIOS.

A persoa ou entidade beneficiaria, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada

5. AXUDAS PARA O INICIO E POSTA EN MARCHA DA ACTIVIDADE: SUFRAGANSE PARCIALMENTE OS GASTOS DE POSTA EN MARCHA DA ACTIVIDADE E DO FUNCIONAMENTO DA EMPRESA, SENDO SUBVENCIONABLES OS GASTOS POR: gastos de constitución, compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local, gastos de seguro do local, , arrendamento de equipamentos informáticos e maquinaria, publicidade e subministración, sempre que se realicen e sexan efectivamente xustificadas no primeiro ano de actividade, mediante facturas e documentos acreditativos do pagamento delas. **Non** se subvencionarán o IVE , ou de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación

PARA OS EFECTOS DESTA AXUDA SÓ SE TERÁN EN CONTA OS EMPREGOS SUBVENCIONABLES CREADOS DURANTE O PRIMEIRO ANO DE ACTIVIDADE.

A SOLICITUDE DEBERÁ PRESENTARSE UNHA VEZ TRANSCORRIDOS 12 MESES CONTADOS DESDE O INICIO DA ACTIVIDADE E , EN TODO CASO, REPECTANDO O PRAZO XERAL DO 30 DE XUÑO DE 2010.

ÚNICAMENTE PODERÁN SOLICITAR ESTA AXUDA AS EMPRESAS QUE INICIARAN A SÚA ACTIVIDADE A PARTIR DO 16 DE SETEMBRO DE 2008.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

1. AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPREGO ESTABLE: INCENTIVARASE CADA CONTRATO INDEFINIDO CUNHA SUBVENCIÓN DE ATA:

- 4.000 euros, cando se dirixa a homes desempregados
- 5.000 euros se contrata a mulleres desempregadas
- 5.000 euros se son mozos desempregados
- 5.600 euros se son mozas desempregadas
- 6.000 euros se son titulados universitarios desempregados
- 6.600 euros se son tituladas universitarias desempregadas
- 7.000 euros se son persoas desempregadas que posúan o título de doutor/a

As contratacións indefinidas, para poder ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito no modelo oficial que facilite o servizo Público de Emprego e ser comunicado á oficina na forma regulamentaria .

Esta modalidade de axuda é **compatible** coas bonificacións de cotas a Seguridade Social, sen que entre ambas poidan superar o 60% do custo salarial anual, pero **incompatible coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Traballo e Benestar.**

Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal

2.SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL EXPERTO TÉCNICO DE ALTA CUALIFICACIÓN: UNHA SUBVENCIÓN DE ATA O **40% DOS CUSTOS LABORAIS TOTAIS, INCLUÍDAS AS COTIZACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL** POR TODOS OS CONCEPTOS, SEGUNDO A DURACIÓN DO CONTRATO, **CUN MÁXIMO DE 12 MENSUALIDADES.** A SUBVENCIÓN TERÁ COMO **LÍMITE MÁXIMO** POR TODAS AS CONTRATACIÓNS A CONTÍA DE **18.000 €** E ESTARÁ CONDICIONADA Á XUSTIFICACIÓN DE QUE CON DITAS CONTRATACIÓNS SE SUPLAN CARENCIAS IDENTIFICADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E A BOA FIN DELA.

Esta modalidade de axuda é **compatible** coas bonificacións de cotas a Seguridade Social, sen que entre ambas poidan superar o 60% do custo salarial anual, pero **incompatible coas establecidas nos diferentes programas de fomento da contratación por conta allea convocados pola Consellería de Traballo e Benestar**

3.APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL: O INCENTIVO SE PAGARÁ DUNHA SOA VEZ E SERÁ DO **75% DO CUSTO DOS SERVIZOS RECIBIDOS CUN LÍMITE MÁXIMO DE 12.000 EUROS POLO CONXUNTO DAS MODALIDADES DE ASISTENCIA TÉCNICA PREVISTAS.** A SOLICITUDE DEBERA PRESENTARSE TRANSCORRIDOS DOCE MESES CONTADOS DESDE O INICIO DA ACTIVIDADE.

4.SUBVENCIÓN FINANCIERA: REDUCCIÓN DE **ATA 4 PUNTOS DO XURO** FIXADO POLA ENTIDADE FINANCEIRA QUE CONCEDA O PRÉSTAMO, CALCULADO SOBRE **OS OITO PRIMEIROS ANOS DE VIXENCIA DESTES.** A contía calcularse como se a subvención se devengase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia. O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tomándose como referencia para o cálculo da subvención o tipo de xuro vixente na data da resolución da subvención ou o vixente na data da sinatura do contrato do préstamo se esta é anterior.

A CONTÍA MÁXIMA DESTA AXUDA NON PODERÁ SER SUPERIOR A **6.300 EUROS** POR EMPREGO ESTABLE CREADO DURANTE O PRIMEIRO ANTO DE ACTIVIDADE.

5.AXUDAS PARA O INICIO E POSTA EN MARCHA DA ACTIVIDADE: O IMPORTE MÁXIMO DETERMINARASE EN ATENCIÓN AO NÚMERO DE POSTO DE TRABALLO ESTABLES CREADOS:

- DE 1 A DOUS POSTOS DE TRABALLO: ATA **24.000 EUROS**
- DE 3 A 10 POSTOS DE TRABALLO: ATA **36.000 EUROS**
- DE 11 A 20 POSTOS DE TRABALLO: ATA **48.000 EUROS**
- 21 OU MÁIS POSTOS DE TRABALLO: ATA **60.000 EUROS**

EN NINGÚN CASO, O IMPORTE DESTA AXUDA PODERÁ SUPERAR O CUSTO TOTAL DO GASTO SUBVENCIONABLE E A CONTÍA DE 12.000 € POR POSTO DE TRABALLO ESTABLE CREADO.

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O PRAZO XERAL DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES FINALIZARÁ O 30 DE XUÑO DE 2010 (tendo en conta igualmente os prazos específicos). As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos desta orde e deberán ir acompañados, do orixinal ou fotocopia compulsada, da documentación que se relaciona no artigo 14 da Orde

11. INCOMPATIBILIDADES

EN NINGÚN CASO O IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS CONCEDIDAS AO ABEIRO DESTA ORDE PODERÁ SER DE TAL CONTÍA QUE, ILLADAMENTE OU EN CONCORRENCIA CON CALQUERA OUTRA AXUDA DA UNIÓN EUROPEA, DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, ORGANISMO INTERNACIONAIS, SUPERE O 80% DO CUSTO DA ACTIVIDADE QUE VAIS DESENVOLVER A PERSOA OU ENTIDADE BENEFICIARIA.

AS AXUDAS PREVISTAS NESTA ORDE SERÁN INCOMPATIBLES COAS SEGUINTE: COAS AXUDAS ESTABLECIDAS NOS PROGRAMAS DE INICIATIVAS LOCAIS DE EMPREGO, DE PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO, DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS E DE EMPREGO, DAS INICIATIVAS EMPRENDEDORAS PROMOVIDAS POR PERSOAS TRABALLADROAS QUE ESGOTARAN AS SÚAS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO, DE INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO, ASI COMO NO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS [agás que se trate da axuda para adquirir a condición de socio /a traballador/a dunha cooperativa de traballo asociado ou dunha sociedade laboral convocados pola Consellería de Traballo].

A AXUDA Á CREACIÓN DE EMPREGO ESTABLE E A SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL EXPERTO TÉCNICO DE ALTA CUALIFICACIÓN, SERÁN INCOMPATIBLES COAS ESTABLECIDAS NOS DIFERENTES PROGRAMAS DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA CONVOCADOS POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO, SE BEN SERÁN COMPATIBLES COAS BONIFICACIÓNS ÁS COTIZACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

NON SE PODERÁN IMPUTAR OS MESMOS GASTOS PARA OS DISTINTOS TIPOS DE AXUDA, SALVO NAQUELES CASOS EN QUE SÓ SE TOMAN COMO REFERENCIA PARA O CÁLCULO DA CONTÍA DO INCENTIVO.

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

ORDE DO 23 DE ABRIL DO 2010, PUBLICADA NO D.O.G DO 4 DE MAIO DE 2010.

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR (AO SERVIZO DE APOIO Á CONTATACIÓN POR CONTA ALLEA DA DIRECCIÓN XERAL DE PROMOCIÓN DO EMPREGO CORRESPÓNDELLE A INSTRUCIÓN DOS EXPEDIENTES)

14. OBSERVACIÓNS

OS BENEFICIARIOS DEBERÁN PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA O PAGAMENTO NO PRAZO SINALADO NA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN OU, DE SER O CASO, ATA O 31 DE OUTUBRO DE 2010.

De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se sinale na resolución de concesión, da documentación común e específica que se exixa de forma expresa nela e da que figura no artigo 17 desta orde

A axuda total de minimis concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

Dentro das **OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS**, recollidas no artigo 20 destacar:

- Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda durante **un tempo mínimo de tres anos**, salvo cesamento por causa alleas a súa vontade.

- Cando no período de tres anos, desde a data da incorporación á empresa, se produza o cesamento dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, a empresa beneficiaria **está obrigada no prazo de dous meses**, a cubrir a vacante, cun tempo de dedicación igual ao anterior, debendo pertencer a nova persoa traballadora a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa polos que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda dentro dos 20 días seguintes ao da substitución. Esta nova incorporación non dará lugar a unha nova axuda. (no caso de cesamento da persoa experta técnica contratada o prazo para cubrir a súa vacante será **dun mes**).

- Transcorridos tres anos dende a data de inicio da súa actividade** as empresas beneficiarias, co fin de garantiren o mantemento dos postos de traballo estables creados que fosen obxecto de subvención, **presentarán dentro dos tres meses seguintes unha relación da variación das altas e baixas do persoal da empresa eses tres anos.**

- No prazo de dous meses dende a finalización do período subvencionado deberán presentar:**
 - Unha memoria das actividades realizada polos expertos/as.

 - Recibos dos salarios, transferencias bancarias xustificativas do seu pagamento e boletíns de cotización á seguridade social dos expertos/as, correspondentes ao período subvencionado